



INFORME DA ENTREVISTA DA XUNTA DE PERSOAL DA PROVINCIA DE LUGO COA XEFATURA DE INSPECCIÓN

16 de marzo de 2017 ás 11:00 horas

Puntos a tratar

- 1) Praza Aeromecánica no CIFP AS Mercedes**
- 2) Profesorado de atención preferente**
- 3) 1º ciclo de secundaria**
- 4) Outros**

Organizacións presentes: Anpe, CIG, CC OO, C-SIF, STEG e FETE-UGT.

1) Praza Aeromecánica no CIFP As Mercedes

Asiste á xuntanza o inspector do centro en cuestión, Miguel Ángel Callón Fernández, que á súa vez foi o presidente da Comisión de Baremación.

Dende a Xunta de Persoal coméntase que os traballos realizados no seu día por parte da Comisión de Baremación, foron pensando en dúas medias prazas (como doutra banda se publicou no DOG) e foise vendo ao final que se lle concede a unha soa persoa, "que estaba como cantada". Igualmente, maniféstase que non nos parece ben que a Comisión non fose convocada logo da primeira renuncia, e que esa persoa pase a ser quen obtén a praza.

O Inspector di que a convocatoria era para unha bolsa de traballo.

Alégase tamén que o problema vén cando a primeira persoa da listaxe non pode desempeñar dous postos de traballo (xa traballa para o Exército; presentou un escrito onde solicitaba, de calquera xeito, non ser borrado da listaxe).

O Inspector engade que se chamou á terceira persoa da listaxe e dixo que non.

Dende a Xunta de Persoal, a representante de ANPE informa de que ten constancia directa de que esa terceira persoa non foi chamada (de feito, "estuvo a punto de presentar un recurso por no ser chamada"). Esta mesma representante comenta que o primeiro da listaxe estivo borrado e que alguén o chamou posteriormente.

Dende a presidencia da Xunta de Persoal insístese en rexeitar tamén ese cambio de criterio no senso de que das 108 persoas baremadas, só foron chamadas as dúas primeiras, e, non momento en que a primeira persoa da lista renuncia, inmediatamente se produce a transformación das dúas medias xornadas a unha única xornada completa. Este xeito de proceder da Dirección Xeral semella claramente encamiñado a “colocar “ unha persoa concreta nesa praza, que é a que actualmente está a impartir actualmente docencia no Ciclo Superior citado anteriormente. A Xunta de Persoal manifesta o seu total desacordo.

A Inspectora Xefa di que dará traslado do malestar da Xunta de Persoal.

O Inspector abandona a reunión alegando urxencias de horario.

ACÓRDASE, A POSTERIORI, logo de deliberar sobre a cuestión, denunciar este proceso por escrito á Xefatura Territorial, á Dirección Xeral e enviar unha NOTA DE PRENSA aos medios de comunicación, para que se coñeza a postura ao respecto por parte das organizacións que conforman a Xunta de Persoal.

2) Profesorado de atención preferente

A Inspectora Xefa di que neste momento do curso, as inspectoras e inspectores están a analizar as necesidades dos seus centros no relativo a este aspecto.

Afirma que hai 17 mestras/es de atención preferente:

- 1 PT no IES Perdouro (Burela)
- 1 PT no CPI Ramón Piñeiro (Láncara)
- 1 PT no CEE Sta. María (Lugo)
- 1 AL no Ceip As Mercedes (caso en que o alumno pasa para o instituto Sanxillao)
- 1 PT no Illa Verde
- 2 PT no IES Leiras Pulpeiro
- 1 AL no IES Virxe dos Ollos Grandes
- 1 AL no CEE Infanta Elena (Monforte)
- 1 profesor Inglés CEE Infanta Elena (Monforte), de atención domiciliaria, que responde a unha casuística especialmente complexa.
- 3 PT e 1 AL no Ceip da Gándara (Monforte)
- 2 PT no Ceip de Monforte de Lemos
- 1 PT no Ceip San Miguel (Paradela)

A Inspectora supón que non haberá tampouco este curso CONCURSO DE MÉRITOS para cubrir este tipo de prazas e engade que, nese caso, o procedemento é idéntico ao do ano pasado: interese e dispoñibilidade da mestra/e, informe motivado de Orientación e da Dirección do Centro, informe favorábel do EOE, informe favorábel do Inspector de Zona e aprobación, se procede, por parte da Dirección Xeral.

3) Adxudicación de prazas no 1º ciclo de secundaria

Dos catro profesores que solicitaran, a Inspectora informa que se colocaron dous, un deles en Monforte, en Primaria. Di que o resto foi imposíbel.

A Xunta de Persoal insiste en que hai que garantir a mobilidade deste profesorado e actuar en base a este criterio, non conforme ao de "xa hai profesorado e non se pode".

4) Outros

O STEG pide a palabra para tratar varias cuestións:

-**en primeiro lugar**, transmítelle á Xefatura de Inspección o seu desacordo e preocupación polo proceder nalgunhas instancias da Inspección Médica.

A Inspectora Xefa fai notar que a Inspección Médica non depende da Xefatura de Inspección.

Dende o STEG sinálase que malia que sexa así, xúlgase bo que a Xefatura de Inspección estea ao tanto desta situación, para actuar na medida das súas competencias e coñecer a situación, concretamente en relación a dous casos de traballadoras da Mariña lucense, embarazadas, onde se observou reiteradamente excesivo celo por parte desta, instando as mulleres, en situación de baixa, a se incorporar aos seus postos de traballo, malia haber evidencias de que non era isto o desexábel; nun dos casos, a traballadora estaba a 15 días de entrar na semana 37 e existía un informe médico que alertaba de que o feto xa estaba encaixado e o parto podía ser inminente (por riba, o posto de traballo implicaba estar en contacto co alumnado de infantil, alumnado con diversidade funcional susceptible de episodios de crise, subir e baixar nun montacargas a falta de ascensor...).

Dende o STEG adúcese que cómpre velar co mesmo celo pola integridade física e a saúde das traballadoras como polo axeitado control dos recursos, e parece que iso non está a ser así.

- **en segundo lugar**, dáse traslado da problemática do Ceip de Lousada, no referente á pouca axilidade coa que se cubren as baixas da auxiliar de cociña, o que ocasiona que durante períodos de tres e catro días, se teña que dispor dun servizo de cáterin, que ocasiona que o profesorado teña que desenvolver labores de limpeza e demais que non lle son propias. Enténdese que anticipando algo mellor este tipo de situacións poderíase solventar moito mellor a situación, favorecendo o desenvolvemento de centros que pertencen a un eido fundamental, o rural. Trasládase a importancia de adxudicar un especialista de Infantil e non doutras

especialidades, como se demandou dende o centro algunha vez no pasado recente, para garantir a atención axeitada do alumnado deste tramo de idade.

-**en terceiro lugar**, expónse a problemática do Ceip de Muras, onde habendo alumnado con diversidade funcional non dispoñen de PT, sendo este centro de menos de 3 unidades. Indícase que cómpre axudar os centros que están en situacións especialmente difíciles e atender en condicións o alumnado dos mesmos.

- Finalmente, o STEG informa da problemática dun centro de secundaria, que describe con todo detalle casuísticas de seguro compartidas por outros centros de ensino, onde se afonda na falta de adecuación dos ROC á realidade e á dinámica dos centros, onde as persoas responsábeis e as direccións foron acumulando nestes anos máis e máis funcións que requiren unha actualización destes documentos ao contexto actual.

Tamén se fala da falta de adecuación dos materiais e kits de arduino, de robótica e de 3D, especialmente dos de arduino en relación á falta de formación do profesorado e nivel do alumnado, o que pode provocar que acabe inutilizado dito material, sen abrir. Ademais da formación axeitada, habería que garantir certa estabilidade do profesorado tamén.

Trasládase a circunstancia de que a data de 15 de marzo, aínda non se ingresaron GASTOS DE FUNCIONAMENTO, o que incide negativamente na xestión e no funcionamento do centro.

A Inspectora Xefa toma nota destas problemáticas e mirará que se pode facer para resolvelas.

Xa no final da xuntanza, o STEG traslada á Xunta de Persoal a problemática do Ceip de Paradai, onde dispón xa de máis datos relativos ás porcentaxes de alumnado inmigrante. Isto pode supor unha oportunidade ou un problema se non se dota axeitadamente de profesorado e recursos, nomeadamente PT e AL. (na actualidade dispón de 1 PT e 1 AL, habendo porcentaxes de alumnado procedente do estranxeiro, no caso de Infantil rozando o 70%, de lugares tan dispares como Marrocos, Romanía, Brasil, Nixeria, Paquistán, China, Colombia, Cuba, Bolivia, Rep. Domin. , Ecuador, Bulgaria, Kazajistán, Etiopía, Paraguai, Ghana, Arxentina, Alxeria, etnia xitana).

O STEG comprométese a achegar por correo unha proposta de escrito, que incorpore os novos datos facilitados pola dirección do centro.

Sen máis temas que tratar, péchase a reunión ás 12:45 h. da mañá.

Lugo, 16 de xaneiro de 2017

